



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00650

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA O CONTRATO DE SEGURO DE ACCIDENTES DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2024.00650

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación provincial da Coruña:

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 30 de agosto de 2024 en relación co expediente PCO.001.2024.00650, acordou:

1.1.- Admitir na licitación as seguintes ofertas:

- 1 MAPFRE VIDA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA
- 2 MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA

1.2.- Propoñer a adxudicación a MAPFRE VIDA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA, que presentou a oferta máis vantaxosa para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación do contrato de SEGURO DE ACCIDENTES DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2024.00650

2º.- Mediante Resolución da Presidencia número 35166 de data 30 dke agosto de 2024 requiriuse a PFRE VIDA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA para que presentase a documentación esixida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Visto que a citada entidade presentou a documentación requirida,

RESOLVO:

1º) Adxudicar mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación o contrato de SEGURO DE ACCIDENTES DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2024.00650 á empresa **MAPFRE VIDA,S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA, NIF A28229599** con domicilio na Estrada de Pozuelo, 50, 28222 Majadahonda (Madrid), na súa oferta **VARIANTE 2**, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: outros (privado)

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prezo:

A) Prezo anual sen IVE:	5.060,22 €
B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)	Exento
C) Prezo anual, impostos incluídos	5.060,00 €
D) Prezo total para dous anos :	10.120,44 €

1.3. Outras condicións da oferta:

Variante número 2			
concepto	a. oferta	b. Mínimo	c. ampliación (a-b)
Criterio de valoración I: Ampliación de indemnizacións			
Falecemento	46.000	25.000 €	21.000
Gastos de sepelio	3.500	2.000 €	1.500
Gran Invalidez	41.000	25.000 €	15.000
Incapacidade permanente absoluta	28.000	18.000 €	10.000
Incapacidade permanente total	28.000	18.000 €	10.000
Criterio de valoración II: Ampliación do período de cobertura de asistencia sanitaria			
Período de cobertura de asistencia sanitaria	tres anos	tres anos	non amplía

1.4. Prazo de vixencia: Dous anos desde as cero horas do día 14 de setembro de 2024 ata as vinte e catro horas do 13 de setembro de 2026, prorrogable ata un máximo de dous anos máis.

1.5. Financiamento: 0112/3261/22499 do seguinte modo:

Anualidade	Número de operación	Presuposto	Prezo	Economía
2024 (curso 2024/2025)	A 220240039127	12.000,00	5.060,22	6.939,78
2025 (curso 2025/2026)	AP 220249000514	12.000,00	5.060,22	6.939,78

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual estes gastos financiaranse conforme o disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato no exercicio correspondente.

1.6. De conformidade co disposto no artigo 151 da LCSP, indícase que:

Resultaron admitidas para participar na licitación as seguintes ofertas:

MAPFRE VIDA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA
MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA

A empresa MAPFRE VIDA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA presentou a oferta con mellor relación calidade-prezo e, en virtude desta resolución, é a adxudicataria deste contrato. As características e vantaxes da súa proposición que determinaron que fose seleccionada a súa oferta son as seguintes:

Obtivo unha puntuación total de 78 puntos fronte aos 74,14 puntos que obtivo o segundo licitador.

2º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinala, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos, advertíndolle de que si non cumpriše os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da LCSP.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Deputación provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde ou día seguinte ao da notificación do presente acordo. Non seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. Non obstante, se o considerase conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente